



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021

**FELIPE SENEN
ENXERGAR A CROA DA CIDADE
VELLA CORUÑESA**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



Deputación
DA CORUÑA

Enxergar a croa da *Cidade Vella* coruñesa

Felipe-Senén (Arqueólogo e Museólogo)

Cidade alta, protexida croa, emproando avante dende as Fisterras do extremo occidente Atlántico, outeando estelas e os horizontes do Alen mar. Onde conflúen os ventos e se fala de cidades asolagadas, onde asoma *Venus* feita *Brixida* e teñen escura furna sereas e homes mariños, como ben nos ten contado ese intérprete dos océanos célticos que é o “*bravú*” Xurxo Souto. *Brigantia* é o berce de Breogán e de seu fillo Ith... nautas que portando a *Pedra do Destino* abriron camiños cara a Eirín e artellaron o universo céltico, tal como conta o Libro das Invasións, *Lebor Gabála Érenn*, recollendo no medievo antigas tradicións.. Así a reinterpretou entre teosofías e poesía a pintura de Camilo Díaz Baliño, como os murais e xanelas abertas a ilusións para compartir en tabernas mariñas o bohemio e surrealista Urbano Lugrís González, fillo e herdeiro de ilusións dun dos fundadores da Academia Galega. Promontorio onde manda a pedra e o vidro, erguido, aínda máis ao ceo por torres cuadrangulares, construídas tanto para vixiar como para pousar as gaivotas. Ceos onde tanxían e ecoaban, máis que agora, os badalos das campás e se escoitaba, entre a brétema, o eco das buguinas, un aturuxo ou o teimudo asubiar alegre dunha nave que arriba ou o tristeiro da que ergue áncoras... Cidade murada dende a Antigüidade, no Medievo, ampliada nos Renacementos, cuadriculada en rúas con suxestivos nomes, en función de oficios como *Ferreiría*, *Veeduría*, *Cortadoria*...ou mesmo de devocións a santos, Urbanismo aberto a campas que desaparecen, onde sempre recende a caldeirada e se deixa escoitar un alalá... onde conviven esas asociacións e artesanado que remexe en asuntos do espírito, onde aquece, aínda, entrar nunha das tabernas, universidades populares, desas que resisten en rebeldía pirata, a velas vir e pra dialogar co tempo.

Cidade que aquece visitar na melancolía dos atardeceres, cando se vai anunciando o solpor que cae a cachón sobre as pedras poñendo sobre elas aura auridourada. Horas das despedidas nun confín, raiolas de luz máxica que tras os rosetóns dos templos se esfachican en calidoscópicas formas sobre os altares do Oriente

Coruña, cidade nacida como tal no 1208 privilexiada polo noso Alfonso VIII, ou IX (1188-1230), solicitada, gabanciosa e pretensiosa polas súas condición portuarias, polos seus sabidos e arriscados nautas e navieiros... Núcleo fortemente coutado, murado, aberto en portas á Rosa do Ventos, renovado despois do asedio e do ataque inglés do 1589. Fito iste cun antes e un despois, protagonizado por Francis Drake, terror dos mares e por unha cidadanía representada ao cabo do tempo por María Pita ou *Maria das Batallas*, María Mayor Fernandez de Cámara e Pita (Cambre 1565- Coruña 1643). O poeta Lorenzo Varela dedicoulle un poema ilustrado por Seoane e o tema repetiuse nas cerámicas de Sargadelos: «*Muller da soberana libertade,/os artilheiros danche alferezía/e faite o mar patrona da cidade...*» Compre coñecer e contrastar as

diferentes versións, as dunha e outra parte, sobre os feitos e os seus homenaxeados ou deostados protagonistas.

Cidade Alta, a que, aínda, a través das súas estruturas expresa o seu saber e calidade artesán, tendo en conta tantas mudas, tantas perdas, como aquel pazo desaparecido no 1936, a *Casa Gótica*, aberta ao porto no *Parrote*, sobranceira estrutura entre as máis humildes casas mariñeiras e “do remo”. Cidade reconvertida polas remodelacións xeométricas, racionais, dos anos da Ilustración, logo abríndose e cuadriculando a paisaxe coa inclusión da galería. Gustosa de usar da liberdade, de experimentar e dar pasos cara a un Modernismo que aquí sabe dialogar cos espazos cos que convive. Algo do que debe tomar nota a nova arquitectura.

Conxunto da *Cidade Vella Coruñesa*, ao menos amparada legalmente como Ben de Interese Cultural, dende o 9 de marzo de 1984. Superprotección pois sobre outras particulares proteccións no perímetro deste núcleo.

Cidade Vella, onde aínda, pola súas condicións xeoestratéxicas manda a ocupación militar, e ese desfile militar de casas expresa a disciplina urbanística. Onde non faltaban as necesarias campas nas que argallar festas, títeres, merendiñas, onde danzar e acender fogueiras de san Xoán... as que, ao cabo dos anos, foron convertidas en campamentos, en cuarteis...e agora en solares pra especular. Namentres e pola falla de espazo as tradicións invádense e acultúranse e a ansia de expresión, de convivencia pasa a contaminar os areais das praias.

A topografía da Coruña, como unha man estendida

Cando explico a Coruña vaime ben contar que a súa topografía ven a ser como unha man esquerda estendida aos *Puntos Cardinais*: o *Setentrión* marcado polo dedo medio coa Torre de Hércules outeando o *Mare Tenebrosum*; ao *Meridión* pola barra do istmo co Castro de Elviña e vellos e novos camiños de entrada e saída que meten na cidade, o noutrora areal ou vía romana, necrópole, que será Rúa Real, ismo que hoxe expresa a controversia urbanística. Man que no seu *Oriente* abre un porto, cada vez máis deforme, achicando o mar, cun pétreo, gris e pesada estrutura estrelada do Castelo de San Antón, sobresaíndo no que sería dedo polgar... e ao *Oeste* o arco do areal de Riazor, mais ao fondo a lomba do monte de San Pedro, este o mellor observatorio de solpores, onde enxergar canto vimos dicindo.

Escenarios dun longo recorrido histórico, os que tanto souberon de romanos como das temibles invasións normandas, de tristes aconteceres en tempos de guerras con Inglaterra, nas mundiais e nesas mesmo lembramos a aqueles mozos do submarino nazi, afundido pola aviación no 1943 e os corpos enterrados no cemiterio civil do Santo Amaro....que soubo de silencios, persecucións... e tantas traxedias de pescadores, mesmo ao pe da Torre e do porto, a do buque *Isla* no 1971.... entre tantos do lume vivo e fumeigar un 13 de maio do 1976 do petroleiro *Urquiola*, do *Aegean Sea* nun 3 de decembro do 1992.... Experiencias que curtiron a cidade, que, afeita e erguer torres, dende a traxedia daqueles petroleiros construíu no arranque do dique de abrigo unha *Torre de Control Marítimo*, deseño do arquitecto Luis Serrano Castañer.

No centro máis avultado desa man terreal, a que corresponde cos nocellos, no curuto da croa situamos as orixes, o tema que nos trae aquí: a *Cidade Alta* ou *Vella*, vixiando a privilexiada baía, a que, como vimos contando, non dubidamos en asociar coa eloxiada *Brigantia*, a dos *Magnus Portus Artaborum* contada polos cronistas grecolatinos da antigüidade. Croio, croa, pedra ao fin... e velaí a base para unha teoría sobre o seu polémico topónimo de *Cruña*, tan en relación con outras dos fisterráns occidente atlántico. Aínda que tampouco desprezamos a teoría de Gonzalo Navaza, sacada a partir da *Historia de Turpín*, (Libro IV do *Códice Calixtino*), onde aparece o nome de Cruña como unha das cidades conquistadas por Carlomagno, tomada pois agora por Alfonso VIII para darlla a unha realidade e como homenaxe a Carlomagno. Xeito este de darlle un carácter literario, mítico, lendario a un núcleo antigo que adquire nos privilexios como cidade dun reino. Ata entón os nomes máis usados e antigos da zona, aos menos nos documentos coñecidos da Alta Idade Media, son os de *Brigantium* e *Faro*.

O coutado Xardín de San Carlos, tumba de Moore e Arquivo do Reino de Galiza

Cousas como as devanditas son as acaídas para un repaso peripatético pola tranquilidade destas rúas de pedra luída por tantos andares. Como uns 100 minutos pra recorrela nunha toma de contacto. Propoñendo comezar polo *Xardín de San Carlos*, dende o alto costa abaixo, facilitando o recorrido, ata a *Praza de María Pita*.

Á vista temos San Antón, illote que serviu de lazareto e dende os tempos de Felipe II, seguindo planos do enxeñeiro militar Pedro Rodríguez Muñiz como baluarte adiantado nun protexido porto, que ao longo dos anos se iría complementado con outras baterías e castelos, como San Diego, Santa Cruz, San Amaro... Xoia da enxeñería militar, na que no século XVIII se edifica, seguindo as pautas do Neoclasicismo, a Casa do Gobernador, nesta ocasión baixo a dirección do arquitecto Antonio López Sopeña. Edificio entregado ao Concello e rehabilitado nos anos sesenta polo arquitecto de Belas Artes, Pons Sorolla, para dende 1968 seguir sendo Museo Arqueolóxico e Histórico. Baluarte que, dende hai décadas, debiera ser xa Museo da propia fortaleza: explicando as súas orixes, función, seus arquitectos, presos... entre eles os ilustrados, como o navegante Alexandro Malaspina ou Melchor de Macanaz, persoeiro este do que ben sabía Carmen Martín Gaité, que escolleu o tema como tese de doutorando. Merece coñecerse este Castelo Museo, a súa fragilidade e limitacións pese ao seu poderoso e pétreo corpo, para concluír que tanta riqueza arqueolóxica, Megalitismo, Castrexo, Romano...e a extensa Historia da Cidade, merecen novos e máis amplos espazos para facilitar os principios museolóxicos de hoxe: documentar, conservar, expoñer... Ademais de estar declarado Ben de Interese Cultural, por decreto xenérico que afecta a torres e castelos (22 de abril de 1949), estao ademais a modo particular, con data 17 de outubro de 1994.

Compre poñerse na porta do Xardín de San Carlos, a carón da Igrexa da Orde Terceira, entender que estamos fóra das antigas murallas da Cidade. Aquí, mirando á entrada do porto estaba o convento de San Francisco, fundación do *fratello* Benicansa de Turdeto, un íntimo seguidor do santo de Asís... Pouco queda daquelas estruturas, despois de sufrir a desamortización e no século XX cubrirse aquel terreo de cuarteis (*Maestranza, Caixa de Recrutados, Hospital Militar*)... a non ser campas de tumbas de nobres e sobre todo de artesáns... os alicerces da Igrexa, estrutura que fora trasladada no 1960 e reconstruída no Paseo das

Pontes. Templo e mosteiro que contou con claustro xardín... espazos de rango, tanto como para servir de parada e fonda a monarcas, nobres ou magnates que, embarcaban ou arribaban á cidade..

Ruínas declaradas como *Ben de Interese Cultural* en 16 de marzo de 1939.

En boa parte do solar que foi convento de San Francisco está hoxe o Museo Militar e a Fundación e Museo Luís Seoane, edificio este dos arquitectos Xoán Creus e Covadonga Carrasco que nos introduce nun compromiso ético e estético, nunha obra dedicada a crear unha imaxe contemporánea de Galicia, incluso pra levalas ao mercado, mediante un espazo de estudio e experimentación, o *Laboratorio de Formas*, e realización a través das *Industrias da Memoria* (Sargadelos e o Castro), aspecto vangardista no que debера afondar máis a exposición... En parte deste espazo campa a igrexa da orde terceira, comedida obra, encargo no 1743 ao alucinado arquitecto barroco compostelán Simón Rodríguez, ao que se atribúen os dous retablos laterais, onde tamén se traspapela o santo titular para venerar a unha concorrida e disque milagreira imaxe do san Xudas..

No espazo que acolle hoxe o *Hospital Abente Lago* e que antes foi hospital militar, no medievo houbo unha ermida dedicada ao *Espírito Santo* a que coa *Pena das Ánimas* daban bendición a mariñeiros que, en son de paz, entraban no porto e traspasaban as portas do Porto, as do Parrote, coroadas por escudos do Imperio, do Reino de Galiza e do Gobernador... con epígrafes que dan conta do mesmo, hoxe comidos polo salitre, faltos de tratamento... Espazos murados que denotan o interese do imperio de Felipe II en asegurar esta beiramar portuaria, tan influente nun poder marítimo abre novas fronteiras, agora cara ás América. Espazos que, dende os anos sesenta e cada vez son máis comidos ao mar por recheos e construcións, velaí a Solana na que foi praia do Parrote... pintorescos espazos portuarios, de mariscadores ou carpinteiros de ribeira, documentados por quen tiña espírito poeta, pintores, fotógrafos... aos que debemos recorrer para atopar aquel pasado.

O baluarte de San Carlos conserva o tramo medieval das murallas, de base circular. Serviu de fortín, mesmo no subsolo atopáronse restos dunha cisterna, hoxe atuada. «*Pequeño square de mi barrio*», que dicía e frecuentaba a condesa Pardo Bazán. Espazo, pois, aberto durante o día e pechado pola noite, no que, antes de entrar, repararemos no escudo e epígrafe que campan a ambas bandas do portal. Tamén no seu degradante estado de deterioro pola acción do tempo, o salitre, a contaminación e o abandono... males que tentan contra moitos destas singulares testemuñas, labras que caracterizan as portas do Mar e nelas se gaban os gobernadores que as mandaron construír entre tantos brasóns en perigo que ennobrecían moitas casas coruñesas. Epígrafe que dá conta de que esta antiga fortaleza foi rehabilitada por presidiarios, «*polos que antes so accións deshonrosas cometeran: que ao compás da grilleta que xeme no nocelo se ergan enormes fortalezas rochosas.... no 1764, foi milagre da lei e gloria clamorosa do Gobernador Carlos de Crois*»... Conxunto histórico de portas, murallas do Parrote e Xardín de San Carlos, protexidas como Bens de Interese Cultural, BIC, dende o 9 de novembro do 1944.

Xa no paramento caleado do muro interior vemos varias placas de mármore, as que asumen e complementan con datos históricos a importancia deste lugar: unha sobre o afundimento na Punta do Boi en Camariñas, en 1890, do *Serpent*, buque da Mariña Inglesa, con 173 vítimas,

gardamariñas mozos... outra placa do Duque de Wellington, aliado contra o exército napoleónico, esta exhortando pola súa entrega – e como pasa sempre neste confín no que tendemos a entregamos a causas que non son as nosas – aos «*Guerreros del mundo civilizado... Españoles dedicaos todos a imitar a los inimitables gallegos*»... Noutro extremo deste Xardín e a unha e outra banda do miradoiro temos unha placa co extracto do poema de Rosalía de Castro e na outra outro extracto da obra “*Enterro de John Moore*” (1816) do poeta irlandés Charles Wolfe, esquecido e rescatado por Byron, ambos poemas exaltando a heroicidade de Sir John Moore (Glasgow, 1761), o escocés ferido de morte en Elviña, cando comandaba o exército fronte ás tropas de Soult... morto nunha casa dos Cantóns un 16 de xaneiro daquel histórico 1809. Memorable batalla da Coruña, gravada no mármore do parisino *Arco do Triunfo*, como unha das vitorias napoleónicas. Contan unha e outras crónicas que Moore foi enterrado, envolto nunha lona, en lugar secreto deste recinto... para no 1830 levantarse no centro do xardín un sinxelo cenotafio. Obra exenta de retórica escultórica, iso si, en catro das esquinas interiores do primeiro recinto con catro bombardas de bronce, invisibles aos visitantes... e que mellor estarían homenaxeando este feito no inmediato Museo de San Antón.

Paraxes nas que a tradición e a lenda poñen a visita, en significativas noites de Nadal, da amante de Moore, a aristocrática inglesa Lady Sther Stanhope. A que despois da morte do seu amado, embarca cara exóticos lugares, para vestirse de home en Damasco, asentarse no corazón do tempo de Baal nas ruínas do oasis de Palmira e vivir alí... Muller que será tratada e consultada como unha deusa meiga, como a mesma encarnación da histórica e mítica *Raíña Zenobia*.... Muller que pasara ao Líbano, a vivir nun castelo druso, ser visitada por curiosos viaxeiros británicos, polos mesmos poetas Lamartín e Byron... e morrer na soidade, rodeada de gatos... Figura imprescindible na historia de aventurados viaxeiros dos desertos árabes.

Churrusqueiro miradoiro en pedra o de San Carlos, como non, con galería aberta ao tempo, ao porto e a súa invasión especulativa, namentres antes o mar batía contra os areais e este mesmo vello baluarte. Beiramar onde se sitúa o antigo porto da Cidade. Xardín ensombrecido por decaídos *negrillos*, presidido polo caserón do *Arquivo do Reino de Galicia*, institución que, aínda que creada arredor da Real Audiencia de Galicia no 1775, este edificio é do 1955, obra do arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez. Xardín declarado *Ben de Interese Cultural* a 9 novembro 1944, igual que o mesmo *Arquivo do Reino de Galicia* coa mesma protección legal dende o 10 de novembro de 1997.

Espazos que, cara ao xardín, recrea o práctico herdo galego dos soportais; o grande arco de esencias modernistas do túnel da entrada, sobre o que campaa o escudo de Galicia. Continente que dá fin a un vello e culto anheloo, o da salvagarda da documentación que xerou a Real Audiencia, creada polos Reis Católicos no 1488. Construción que incorporou na base da súa cara do *Parrote* o pórtico románico da antiga igrexa de Santo Andrés, con doelas alusivas á pesca, templo que fora do gremio dos mariñeiros, reemprazado no mesmo lugar da *Pescadería* polo actual, mecenado pola familia *Da Guarda*, deseño de Faustino Domínguez Coumes-Gay, templo castrense. Edificio de san Carlos que albergou a Biblioteca dirixida polo polígrafo e sobre todo poeta Miguel González Garcés, que viviu no último piso do mesmo, espazos que serviron de *locus amoenus* para moitas das súas creacións, entre elas autor dunha

recomendada *Guía da Coruña*, ademais de ser este un importante reduto cultural e de liberdade en anos da censura e da represión franquista.

Paseo no que recomendamos coñecer o arquivo, a súa función, de organización e conservación, ollar algún cartafol que custodia... onde furar na historia de moitos mosteiros galegos, como o de Monfero, mesmo documentarse sobre o estraño acontecer do “Home Lobo”, documentos que inspiraron *El bosque de Ancines* (1945), novela de Carlos Martínez Barbeito e abriu a inesgotable tema do arrieiro e asasino Manuel Blanco Romasanta (Esgos, 1809 – Ceuta, 1863).

Tras atravesar o túnel de entrada ao Arquivo, entre o Xardín de San Carlos entramos na rúa *Tinallas*, a que recentemente deixou perder algunha das súas características pequenas “casas do remo”, habitáculos mariñeiros que medían en fachada o que medía un remo: porta que daba acceso á lareira, arriba un cuarto, unha fiestra e finalmente baixo o tellado un faiado con xanela aberta sobre enmarque triangular a dúas augas... Espazos perdidos, escenarios nos que cabe ambientar unha vida pasada, de mariñeiros madrugadores, de viúvas de vivos... de rillotes a xogar entre as redes e a imitar o berro desarticulado, esquizofrénico das gaivotas. Estreita canella que hoxe é un mostrario de reinterpretación arquitectónica dos diferentes xeitos das características galerías.

O singular ángulo formado pola igrexa de Santo Domingo e a ceca da Coruña

Chegamos a unha representativa esquina, unha das postais enxebres da Coruña: a formada pola fachada barroca da Igrexa de Santo Domingo e a sobriedade castrense da que foi Real Fábrica de Moeda, ceca de sona, onde se acuñaron maravedís do século XIV, moi cotizados hoxe, así como buscados polos numismatistas, co cuño da torre, a cuncha e mesmo o escudo de Portugal, especialmente os de Pedro I... Nos meus anos como responsable do Museo da Coruña procurei non deixar de vista este mercado e ir dotando ao centro dun numario, colección numismática de tan representativos emblemas do poder económico e político da Cidade.

Santo Domingo é templo construído a partir de 1762 polo arquitecto dominico Manuel de los Mártires, ao que lle dá singularidade a torre barroca, da autoría do arquitecto Alberte Rico, e que ofrece un desvío respecto á fachada rectilínea da praza, debido a que a torre está en función do eixo do templo. Interior sobrio, neoclásico, fronte aos contrastes da capela da Virxe do Rosario, edificada anteriormente (1676-1684) e con retablo que é xoia do Barroco pra acoller a imaxe da *Virxe do Rosario*, do século XVI, padroa da Cidade por considerala artífice do milagre de liberar á cidade. Devoción que rivaliza co San Xoán Bautista, copatrón da urbe, celebrado entre lumaradas e ritos pagáns cos *Catro Elementos* (cada vez máis aculturados, contaminando os areais, non nos cansaremos de dicilo), na noite de cada 24 de xuño. Así pois, templo construído, de vagar despois do 1589, cando a escuadra de *Drake* entra e provoca á cidade pra entrar en destrutiva batalla. Sendo os conventos da cidade, os que están fóra das murallas, os que máis sofren, en especial o de Santo Domingo, que entón estaba en *Atocha*. Destruída a súa cantería, será aproveitada pra novas construcións.

Deixamos a praciña de Santo Domingo, hoxe colexio, centrada por unha fonte de recente feitura e que mesmo lle pon banda sonora a cavilares. Aquí xa non quedan as casas mariñeiras e fumegantes que a caracterizaban e que algúns pintores debuxaron.

As Bárbaras, quizais sinagoga que pasa a ser Igrexa de Santa Bárbara e logo das Clarisas

Á dereita topamos co paredón e a recolleita praza do convento da orde feminina de San Francisco, creado no 1494, e onde antes houbo un fortín e deseguido unha capela dedicada a Santa Bárbara. Velaí a orixe do perdurable nome de “As Bárbaras”. Espazo cuadrangular que vén ser como un claustro urbano, entre muros e á sombra de árbores que deixan de ser *negrillos* pra hoxe ser castiñeiros de indias. No centro un sinxelo cruceiro con ese varal característico, de labra rebaixada na parte central, nunha orde que poderíamos definir como “coruñesa”. Aquí concédese inevitable diálogo co frontal dun sartego, gótico, posiblemente do século XV e procedente con outros *expolia*, pedras ou labras aproveitadas dun templo como os dominicos, destruído no 1589. Agora para servir de lintel sobre o arco de medio punto da porta da igrexa das devanditas “Bárbaras”. Frontal gótico, do século XV, que representa o Xuízo presidido polo Deus Pai e o Fillo entre o Sol e a Lúa, ao que concorre un home e quizais a súa muller, cada un recomendado polos santos da súa devoción: Santiago como Peregrino e San Francisco mostrando as chagas, baixo semellante protección as figuras axeonlladas dos dous defuntos, esperando o veredicto da balanza do San Miguel, e parece que pesa máis a bondade da alma que as trampas do Demo.

O interior da igrexa non ofrece máis que o seu singular e porticado adro, a singular traza rectangular interior do templo... a que os historiadores románticos entendían como unha sinagoga, e que despois da expulsión dos hebreos pasou a templo das clarisas... Teoría que vén reforzada polo topónimo da inmediata Rúa da Sinagoga que daba acceso aquí e non tanto por unha cisterna soterrada que aparece entre os vestixios modificados do que foi unha casa-torre, con escudo, que abeira devandita rúa.

Cidade Vella, rúa de Sinagoga, onde seguindo a tradición artística, animada polo *genius loci* se abren e se pechan asociacións, onde tivo taller Pucho Ortiz, pintor de nubes roxas e ceos verdes, de paisaxes que son como pentagrama a gusto de calquera intérprete. Rúa, tras o camarín da inspiradora *Virxe da Estrela*, mesmo onde hoxe abrimos as *Portas Ártabras*, o espazo de cultura de *Amigos dos Museos de Galicia*, pra darlle espazo á liberdade e anovar as tradicións da Cova Céltica, onde tentar recuperar o espírito das orixes nas que radica o aporte da orixinalidade, aprender que universalidade é a unidade da diversidade.

Entramos na rúa de *Ferrerías*, deixando á dereita e bordeando muros de cachote que pechan a horta da comunidade de clarisas e que seguen as trazas das antigas murallas, os que noutrora irían recibidos de cal, agora coa pedra vista. Rúa na que atopamos a Casa-Museo de María Pita, tal como dicían os decimonónicos intelectuais coruñeses, unha de tantas propiedades desta muller, a escolleita pra representar ante a historia a cidade. E o tema prestase a moito: muller de armas tomar, a que puxo en pé de guerra os cidadáns contra a intrusión inglesa, a que despois da morte do seu segundo esposo, pica en man abandeira á cidade pra de seguida encher os despachos de burocracias reclamando honores, soldos... fronte a outras silenciadas,

como Inés de Ben, que deixou todo canto tiña pra quedar unicamente en textos agradecidos de Luís Seoane. Non vén mal unha visita a esta casa, perdida no tempo e rehabilitada a fins dos anos noventa polo arquitecto Arturo Franco Taboada, un xeito de achegarse a lembranzas portuarias e da vida do século XVI e XVII.

Un templo onde Venus se venera como Virxe da Estrela e un adro que resume a Historia

A parte máis alta da cidade, a croa, érguese aínda máis ocupada por un templo onde se venera a *Virxe da Estrela*, a que asociamos con Venus, trátase do templo románico de Santa María do Campo, nun entorno cargado de historia e como moitos outros rodeado por un adro co seu camposanto. Construción de 1150, aproveitando incluso campas funerarias con siglas gremiais. Edificación en obras e deformacións continuas, especialmente no século XIV. Dende 1441 erixida como Colexiata e dende os Reis Católicos en Abadía, templo solicitado para enterramento de significados nobres. Con portas laterais ilustradas nos seus tímpanos: a norte representando o martirio da popular Santa Catarina, patroa dos artesáns que no seu traballo usan rodas... Na porta oposta represéntase un grupo de frades que dá pé a variadas interpretacións. Con ollada arqueolóxica distinguimos a ampliación do templo sufrida na derradeira década do século XIX, guiada polo arquitecto Juan de Cíórroga, que quita o pendello dianteiro, tradicional en moitos templos antigos, para adiantar a fachada e darlle a esta unha traza lombarda, italiana. Iso si, mantendo o pórtico Románico co seu tímpano dos Reis Magos: os Magos de Oriente guiados por unha estrela cara un lugar de nacemento e unha Nai co Fillo... tema en diverxencia cun occidente tamén de magos e meigas, de peregrinos, marcado no ceo pola Vía Láctea e neste caso cara un sartego: velaí o eterno simbolismo que caracteriza as Fisterras: vida-morte, Oriente-Occidente. No interior non deixaremos de ver, a unha e outra beira, as esculturas columnas da Anunciación, con algo de policromía (fin do século XV) e arredor delas as versións da lenda que fala da filla do escultor, aldraxada por un nobre, para pasar a ser representada polo pai como Virxe... Envólvenos a penumbra románica, no muro norte do presbiterio o singular sartego, baixo floreado arco conopial, de don Fernando Bermúdez de Castro *O Vello*, primeiro abade, finado no 1515, e entre eles, na nave da epístola o do cabaleiro Xoán de Andeiro e da súa esposa, orixe dunha saga de nobres vencellados á aristocracia portuguesa... sabios, ademais de creadores dun xeito de escola de gramática ou primeira universidade, tal como consta nun libro do seu valioso arquivo, ben coñecido polo erudito cóengo Ismael Velo. Espazos onde cabe ambientar a despedida de Juan Sebastián Elcano, coa expedición de García Jofre de Loaysa antes de erguer áncoras e emprender no 1525 o seu derradeiro periplo, dobrando o Estreito de Magalhães cara ás illas Molucas, as illas das cotizadas especias, as que abrían a un boiante comercio.

Santa María do Campo e a súa contorna están protexidas, ao menos teoricamente, ao estar declarada como Ben de Interese Cultural, dende o 3 de xuño de 1931, data na que tamén se declara a Torre de Hércules.

Adro de Santa María sobre o que se ergue, a modo de concordia, un alto cruceiro gótico, pra que se vexa ben: de cruz relambida polo tempo e que hai décadas veño reclamando que se substitúa por unha reprodución. Non esquezamos que os cruceiros de máis de cen anos, igual

que os escudos están protexidos como *Bens de Interese Cultural* por Decreto 571 de 1963. Monumentos, pois, amparados teoricamente por *capas* de decretos que parecen ignorar as administracións que mesmo os impoñen burocraticamente, como tamén o están por decretos xenéricos os petróglifos e mesmo os hórreos.

Volvendo á cuestión, o que se trata é de preservar o orixinal desta pétrea cruz gótica nun museo, quizais no inmediato Museo de Arte Sacra, ideado polo entón responsable de Belas Artes, o historiador Manuel Chamoso Lamas, e trazado polo arquitecto Manuel Gallego Jorreto como un cofre para Museo de Arte Sacra, no que seguindo unha escaleira se ofrece a valiosa colección litúrxica desta colexiata. Entre cálices, custodias, sacras e xerriñas de misa sorprende a arqueta eucarística (Augsburgo, 1691), ofrenda de dona María Ana do Palatinado de Neoburgo – segunda esposa dun monarca inútil, degradado en todos os aspectos, Carlos II por algo coñecido como o “Enfeitizado”– tras saír milagrosamente indemne do naufraxio que a trouxo aquí.

Comentaba o historiador da Arte Chamoso Lamas da conveniencia de ensinar e non esconder, para non perderse, os grandes tesouros litúrxicos de sancristías e clausuras.

Ante a Igrexa de *María do Campo* converxen varias rúas, a de *Porta de Aires*, con esquina a esacasona porticada, do século XVIII, onde, a partir de 1939, en anos de censuras e medos, impartiu clases de pintura e fantasías célticas Lolita Díaz Baliño (1905-1963), e non son poucas as pintoras e pintoras que saíron destas mans e sensibilidade que se enguedellaba en lendas de trasnos e fadas: dende o seu mesmo sobriño Isaac Díaz Pardo a María Antonia Dans, Elena Fernández Gago, Gloria de Llano, os irmáns García Patiño, José Ramón...

O pazo urbano de Cornide: de síntese da Ilustración a paráfrase da ditadura

A carón do edificio románico, como en diálogo imposible, está o pazo barroco que foi da familia Cornide. Obra da metade do século XVIII, deseño do enxeñeiro militar Francisco Llobet, quen seguindo os desexos do Gobernador Martín Cermeño pretendía envolver a cidade nun novo urbanismo ao estilo francés, *culto ornato urbis*, na sobriedade racional do neoclasicismo. Edificio que parece resistirse a esta tendencia pra manter como cimeira abaneada polos novos ventos da Ilustración, rocalla que acolle a pedra armeira de tan sobranceira casa. Aquí naceu José Cornide Saavedra (1734-Madrid, 1803), representante da Ilustración galega, autor de estudos en relación coa economía e o humanismo. Tal como dá fe a *Real Casa do Consulado* (praza de *Panadeiras*), aberta dende súa creación en 1785 para acender as ansias volterianas, pra aguilloar a razón. Pazo de Cornide entregado ao pobo, ao Concello, mesmo onde se instalou, para logo servir de escola dos *Tomasinos*... Solemne construción que tamén atraeu as ansias da familia do ditador, pra a través dunha serie de argucias, intervindo a plutocracia coruñesa afín, facerse con ela e dun xeito semellante, ampliála con estruturas similares provenientes do antigo Hospital da Caridade, fundado en *Zalaeta* pola esmoleira Teresa Herrera (1712-1791), e dotala do mellor artesanado. Asuntos aos que, a pesar de todo, a fráxil memoria «*non dá a esquecemento*» e que avolven unha democracia aínda en construción.

Neste mesmo adro de Santa María, edificio da esquina oposta ao Pazo de Cornide e que abre a rúa de Damas, hai unha placa de gres teixo, colocada seguindo a idea de Miguel González Garcés e deseñada polo ceramista Creo. Lembrar que aquí, neste solar, naceu un 13 de marzo do 1869 o lingüista Ramón Menéndez Pidal (1869-Madrid, 1968), estudoso do *Poema do Mío Cid* e das orixes do idioma castelán, concretando – o que poido ser un proceso máis longo no espazo e no tempo – que foi entre o século X e XI no mosteiro rioxano de San Millán de la Cogolla... nesa encrucillada entre Euskadi, Aragón, Castela... O castelán antigo tan semellante ao galego, tema que daría moito máis de si e máis aínda se asociamos o idioma aos imperios, tal como dicía nos tempos dos Reis Católicos o gramático Antonio Nebrija.

Da rúa das Damas ao Campo da Fariña, abeirando o Parrote, o Porto

Deixamos á dereita, na rúa *Veeduría*, o solemne edificio do que foi *Goberno Militar*, hoxe centro cultural, e que entendemos podería dar máis de si se nel se artellase e revitalizase o legado europeísta de Salvador de Madariaga, xunto co do polígrafo César Antonio Molina, na actualidade dispersos entre dependencias do Concello e o último da Deputación.

Neste cavilares e conversas descendemos por unha das rúas máis importante do núcleo vello, a *Rúa das Donas* ou de *Damas*, que o lembrado cronista da Coruña e bibliotecario e arquivista da Academia Galega, Xoán Naya, pon en relación con *Dona Sancha* e *Dona Dulce*, as fillas de Afonso VIII e da súa curmá Tereixa de Portugal, filla da Rei Sancho I, neta, pois, de Afonso Henriques, o primeiro rei de Portugal. Convén lembrar sempre os fondos vencellos que no seu ADN histórico sempre tivo A Coruña con Portugal. Matrimonio anulado por consanguinidade. As Donas, medio irmás pois de Fernando III o Santo, nacido da princesa castelá Berenguela ... Sen enguedellarnos en xenealoxías nobiliarias, baixando esta rúa atopamos unha casa cos emblemas heráldicos dos Vasco e os da Ponte, o que pode remitirnos ao berce do cronista medieval das loitas irmandiñas, Vasco da Ponte... Máis abaixo a *Praza dos Anxos*, con esas casas que presumen de galería e miradoiros, obras que dende a metade do século XIX, con Cíorroga e J. M. Noya, dan paso a arquitectos modernistas, como Leoncio Bescansa, González del Villar... Volvemos un pouco atrás, ate a que foi *Praza da Fariña*, aínda que tamén e segundo os avatares políticos coñecida como *Praza Real* e da *Constitución* e dende o 1896 praza do *Xeneral Arzcárraga*. Con este nome, aínda vivo, celébrase ao que foi Ministro da Guerra por ter conseguido naquel ano devolver á cidade a Capitanía. Praza despois dividida en dúas partes: a do carón da Capitanía e a do arborado (*Azcárraga*). No centro estaría a que foi popular *Fonte do Desexo*, na que se seguía esa tradición de guindar, a xeito de ofrenda, unha moeda cun desexo... A finais do século XIX foi substituída pola actual fonte de ferro, fundida en París polas entón solicitadas industrias *Dugel*, coroada por unha muller que ergue un facho de luz. Pintoresco conxunto, acerto da ilustración municipal, complementado pola bóveda nervada, e en devalar coas estacións, das xigantescas ramas dos plátanos e algún magnolio.

Praza á que abren coidadas fachadas, edificacións que definen a arquitectura do século XIX e XX, como a casona que foi de Picadillo, escritor, alcalde, sabedor de gastronomías, pesado corpo, arredor do que se creou toda unha mitoloxía popular e espazos particulares para facilitar o seu paso e comodidade... Nun extremo preside o edificio da que foi Real Audiencia, logo e aínda hoxe *Capitanía Militar* e que comunicaba coa prisión... Edificio cunha longa

historia que se remonta os Reis Católicos, pra ser no 1747 cando se inicia un novo programa construtivo, guiado da man do arquitecto Juan Vergel, ampliado en altura por Sebastián Greagh... Fachada onde amais do escudo real se pon entusiasmo no reloxo (1751), símbolo de ilustración, obra do prestixioso reloxeiro Baltasar Barreiro de Andrade, sobranceiro artífice entre moitos outros que, a partir de entón, sentarán taller nunha cidade que necesita trebellos de precisión, náuticos, para faros, maquinarias... Valiosa maquinaria a do antigo reloxo de Capitanía, hoxe no Museo Militar. Arte da relojería, defendido, estudado e mesmo coleccionado polo militar boticario Luis Quintana Lacaci. Máquinas simples ou complicadas que poñían banda sonora ás horas relixiosas e militares da cidade.

Praza da Fariña, así coñecida pola concorrencia dos muiñeiros que do Monte Alto e a *Agramela* baixaban dende os seus muíños de vento a esta praza de mercado. Inspirador, pintoresco barrio, esquinas, rúas, como a do Príncipe que tiveron como habitantes a Rosalía de Catro e a Murguía, a Francisca Herrera Garrido (1869-1950), esta escritora en galego, filla de banqueiros, autodidacta, relixiosa, tamén antimovemento sufraxista feminino, a primeira muller da Academia Galega (1945)... a rúa do Pazo da Marquesa de Torre Penela. Espazos onde na contemporaneidade vivía e trazou a súa casa e taller o representativo arquitecto do movemento moderno galego, Andrés Fernández-Albalat (1924-2019), de bonhomía insuperable, autor neste seu barrio de varias obras, algunhas, como a Hípica, moi alterada, en contraste con outras da contemporaneidade como o *Instituto Oceanográfico*, abrindo ao Dique de Abrigo de Vicent Roig Forné, como unha casa das cascadas, tamén maltratada pola falla de coidados. O *Clube Universitario* de Alberto Noguerol e Pilar Díez...

Praza da Fariña co seu *cantonciño* e rúas nas que convén facer unha parada pra calmar a conversa arredor destes temas. Pois a elas abren significados espazos para o encontro, cafés, mesóns rehabilitados, seguidores dunha ancestral tradición portuaria, tabernas nas que parlamentar arredor dunha táboa de produtos tradicionais da matanza e dos viños. Veciños noutro tempo de establecementos artesanais que caracterizaron este núcleo e nos que aínda pode radicar a súa revitalización.

A Igrexa de Santiago: de templo a divindades protectoras dos nautas a Igrexa de Santiago

Pintoresca esquina a formada pola *Casa da Reixa Dourada* e a cabeceira da Igrexa de Santiago. Templo construído sobre unha potente base de pesada cantería, que non pasa desapercibida á arqueoloxía, pensando que se poda tratar do reaproveitamento románico dun máis primitivo *podium* dun templo romano. Asunto que vén probado polas numerosas aras, ofrendas da antigüidade a divindades como Fortuna. Testemuñas que se mostran no Museo Arqueolóxico, mesmo algunha delas aínda dentro do templo, servido como peaña para imaxe dalgún santo. Unha delas está dedicada por un *vernae exactor*, isto é un escravo liberado para cumprir funcións fiscais, posiblemente no porto. Templo que recibía e despedía a nautas camiño do porto, como tamén logo fará cos que van e veñen de Compostela a través dos camiños do mar.

Paga a pena poñer toda a atención neste templo. Entramos pola porta lateral. Ollamos o tímpano: a escultura do Año Místico entre os símbolos astrais do sol e da lúa, en alusión a esa

eterna dialéctica, repetimos, tan galega, principio-fin, oriente-occidente. Dentro irannos empapando as luces e sombras dun protogótico, case de lonxa mariñeira. Buscaremos e saudaremos á imaxe pétrea do Santiago sedente, como pracido patriarca, apoiado no seu caxato, case como un ídolo que convida a darlle unha contaxiosa aperta de *Ultreia*, seguindo así o rito iniciático, de pasaxe, a ascese de aventuras e desventuras nese xeito de *Xogo da Oca* que é o camiño que leva ao Fin... Aquí comezaban o camiño á tumba de Santiago os arriscados peregrinos desembarcados que viñan do Norte. Igrexa na que, ate mediados do século XX se veneraba a imaxe dun crucificado gótico, que se prestou para unha exposición colombina no mosteiro onubense da Rábida e alí quedou, imaxe da que explican os guías ser á que pregou Cristobo Colón antes de tomar rumbo ás súas Indias

Sáímos pola porta principal, obra do primeiro gótico, con algo da pegada mateana: as estatuas columnas das xambas, apóstolos de libro, Santiago e Xoán. ... arquivoltas en alusión ó trunfo da civilización e do humanismo: a palabra e a música... envolvendo o tímpano coa imaxe tardogótica dun Santiago Cabaleiro, brandido a espada. Fachada que remata na triangulación á que abre un rosetón, obra de fins do século XIX, con traería do arquitecto Manuel Hernández y Álvarez Reyero.

Portal que se ergue sobre un podio, o que no medievo serviu de escenario para autos sacramentais e pra administrar xustiza e dar pregóns... paisaxe urbana á que daba o cuarto da casa da Pardo Bazán, a que contaba que cada mañá espertaba ao son das campás e abafada co recendo oriental a incenso....

Templo de Santiago protexido como Ben de Interese Cultural dende o 18 de agosto do 1972.

Seguimos pola *rúa do Parrote*, proba de que era a que levaba aos emparrados, aos alboios do primeiro e máis antigo Porto.... Entorno no que se ergue o pazo urbano dos Ozores, *Marqués de San Martín de Hombreiro*, que se atribúe ao arquitecto Melchor de Prado, mentres que á parte da rúa de Tabernas asoma esa obra mestra da marquetería, a da fachendosa galería, obra de 1910, de Juan de Cíorroga. Salta á vista a casa dos Bermúdez de Castro, familia de fondos vencellos e celebridades... onde os nenos xogaban co *Códice Maia*, sobranceiro documento precolombino sobre a vida deste pobo mesoamericano, comentada e traída por un franciscano, hoxe no Museo de América... Barrio a carón do *Hotel Finisterre* e da traseira de Capitanía, á que asomaba a singular e desaparecida en 1936 Casa Gótica con aqueles arcos conopiais e mesmo con lonxa aberta ao trafego do porto.

Collemos pola Rúa de Tabernas, a da casa da Pardo Bazán, casa doada polos seus herdeiros, Branca Quiroga, para Academia Galega e dende 1975 rehabilitada polo arquitecto Fernández-Albalat. Novos espazos onde o entón presidente da Academia Sebastián Martínez Risco e Xoán Naya Pérez, pode dicirse que, seguindo directrices románticas, herdos, foron aumentando e dotando fisicamente a idea dos Precusores. Rúa que hoxe é "*Milla de Ouro*", traseira das casonas que abren fachada á soleada dársena. Observo os abundantes e innecesarios carteis que na entrada da Real Academia Galega repiten a súa actual dedicación.

Porta Real, a Mariña das galerías e a Praza de María Pita

E Porta Real, a que foi solemne entrada á *Cidade Alta*, onde botamos de menos o taller-tenda do Pintor José Ramón (1939-2016), quen a través da súa arte, debuxos, acuarelas, óleos, murais... recolleu o *genius loci* galaico, pra transmitirnos hoxe aquel espírito perdido e facer arqueoloxía a través desas obras que amais de ser arte serven como documentos de algo perdido.

No lugar máis privilexiado da cidade, nesta esquina de Porta Real, como un barco emproando, está a *Casa de Molina*, coroada de pirinolos e puntillas modernistas que desafían as ventadas treboadas. Torta moldeada no entón novo material construtivo, o cemento, estrutura que caracteriza a arquitectura de Rafael González del Villar. Desembocamos así no istmo, no que foi areal e Dársena.... na *Pescadaría*, hoxe paseo da *Mariña*, á que abren esas fachadas galería, estruturas que poñen a proba o bo saber popular, o dos carpinteiros de ribeira, xunto coa nova industria do vidro plano, con fábrica aproveitando as areas do Orzán. Industria vidreira moi similar e intercambiando profesionais con aquela de Xixón. Industria esta da que se conservan catálogos das súas obras. Fábricas que amais de producir ese vidro plano – con imperfeccións que lle dan reflexos especiais ás cuadrículas das galerías nas tardes – producían redomas, vasos, xerros, froiteiros, azucreiros, candelabros... os que poida teñamos aínda na casa esquecendo a súa orixe. E velaí a conxunción da tradición carpinteira coa nova industria do vidro, pra cubrir os balcóns e crear un sinxelo sistema térmico: frescura no verán, quentura no inverno, todo depende de saber usar e combinar bastidores e persianas. Galerías coñecidas popularmente como *quitapesares*, que non gustaban á Condesa de Pardo Bazán, entre outros logros populares como os cruceiros, petos de ánimas.... tal como lemos en *De mi Tierra* e das que a condesa dicía, mais se parecían a *grilleras*. Pese a todo velaí as incorporacións que neste mesmo tramo fixo a arquitectura modernista: edificios onde se conxugan os novos materiais en cemento co habilidoso artesanado en carpintería, ferro, vidro, mosaico e azulexo... como fai o arquitecto Julio Galán na Casa Rei.... pero tamén Pedro Mariño, Ricardo Boán y Callejas, Antonio López Hernández, Leoncio Bescansa, Manuel Reboredo.... nomes de arquitectos que saúdan o século XX cun estilo singular e universal, que promoven o artesanado galego a un tempo que incorporan novas tecnoloxías.

Praza de María Pita, primeiro campa á que asomaba a Igrexa de San Xurxo, pretensioso proxecto dun convento, abortado, reiniciado, sometido ás normas militares da cidade: encargo inicial solicitado a sobranceiros mestres da Compostela barroca, como Domingo de Andrade, ou logo despois a Casas Novoa, fachada que se atribúe a Fernández Sarela.... Espazos conventuais onde tivo sede o concello decimonónico, zona de derrubamentos constantes, os das mesmas murallas que atravesaban este campo, coñecido pois como *Campo do Derribo*. Deseño de praza que se encarga no 1859 a José María Noya, con ordenanzas de edificación a Faustino Domínguez y Domínguez... Templo declarado Ben de Interese Cultural a 23 de agosto de 1975.

Vai nacendo así a Praza de María Pita, arquitectonicamente disciplinada, con única concesión ao ornato para o edificio do concello, obra do arquitecto Pedro Mariño. Construción que merece coñecerse por dentro para entrar nun mundo xeométrico, masón, simbólico, en moitas esencias de liberdade que caracterizan a cidade...

No centro da praza, dende 1998, érguese un monumento á heroína María Pita, escultura que segue o proxecto historicista de 1890 do escultor José González Giménez, agora obra do escultor Xosé Castiñeiras: manda a retórica da xigantomaquia, teatralmente a heroína coruñesa ergue a lanza, no chan un canón e un cadáver... Á forza intúese un retórico discurso e de fondo o redobre de tambores, pratiños e timbais militares.

Corazón da Cidade que medra, a de antes, a de María Pita, de arriscados navegantes, a dos románticos, como Murguía ou Rosalía, mesmo como a aristocrática, cortesá e aguda Condesa de Pardo Bazán... ata este noso hoxe onde a aguda ollada do escritor Manuel Rivas abre xanelas e recolle *flashes* urbanos sobre os tellados de San Xurxo e do que foi e parece seguir sendo un constante *Derribo* que artella a *Cidade Alta* das orixes coa *Pescadaría* que da ilustración abre á Modernidade.

E detrás de cada rúa, de cada casa, de cada persoa, de cada pedra.... unha historia por contar, quizais unha novela ou unha película. Velaí.

28 de Decembro, dos Santos inocentes, que haber hainos, do 2021